

A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ANA TOURIÑO SÁNCHEZ* / ESTEFANÍA VILLAR CHEDA**

CARLOS L. IGLESIAS PATIÑO**

*Universidade da Coruña / **Instituto Galego de Estatística (IGE)

Recibido: 15 de setembro de 2010

Aceptado: 29 de outubro de 2010

Resumo: O propósito deste artigo é referir o estado da cuestión polo que respecta á integración da perspectiva de xénero nas estatísticas oficiais na Comunidade galega a través da revisión da planificación estatística. Este propósito concrétese nun dobre obxectivo. Por un lado, analizar as estatísticas de xénero postas en marcha no contexto do Plan Galego de Estatística e, por outro, presentar unha aproximación innovadora á avaliación, a través de indicadores de seguimento da integración da perspectiva de xénero na produción e difusión da estatística oficial de Galicia baixo o paradigma da transversalidade.

Para lle dar resposta a esta dobre finalidade, resulta fundamental analizar as diferentes ferramentas de planificación estratéxica coas que conta o sistema estatístico galego. En primeiro lugar, a través do estudo do Plan Galego de Estatística, que introduce a planificación por obxectivos e metas, e a noción de operación estatística como actividade estatística con valor engadido propio. E en segundo lugar, examinando a avaliación e o seguimento por indicadores, tanto como instrumentos fundamentais na planificación, como para a reflexión sobre a delimitación do alcance e implicacións da noción de indicador.

Palabras clave: Planificación estatística / Perspectiva de xénero / Transversalidade.

GENDER PERSPECTIVE IN THE STATISTICAL PLANNING OF THE AUTONOMOUS COMMUNITY OF GALICIA

Abstract: The purpose of this article is to deal with the situation of gender perspective integration, within the official statistics of the Galician community, through the review of statistical planning. This aim is thus defined through a double objective. On the one hand, to analyse the Gender Statistics currently in development in the Galician Statistical Plan context, and, on the other, to present a new approach to evaluation, through monitoring indicators, of the gender perspective integration in the production and diffusion of the Galician official statistics under the cross-cutting paradigm.

In order to provide an answer to this double aim, it is necessary to analyse the different tools of strategic planning of the Galician statistics system. First of all, through the study of the Galician Statistical Plan, this introduces planning by aims and goals, and the notion of the statistic operation as a statistic activity with its own added value. Also, by examining an evaluation and monitoring by indicators, as a basic tool in planning, as well as a means for reflection upon the limits of the scope and implications of the notion of indicator.

Keywords: Statistical planning / Gender perspective / Cross-cutting.

1. INTRODUCCIÓN: A PERSPECTIVA DE XÉNERO E AS ESTADÍSTICAS PÚBLICAS

De considerar a estatística como unha ciencia auxiliar de todas as demais ciencias, que ten como finalidade última apoiar a toma de decisións, semella relevante que, levándoa ao ámbito do público, dea conta das desigualdades que se producen no eido social e especialmente das desigualdades de xénero. Con todo, a preocupación pola incorporación da perspectiva de xénero nas estatísticas públicas ten sido

relativamente recente tanto no eido nacional coma internacional. E isto porque se requiriu un longo proceso para dar o salto, primeiro, desde a invisibilidade do xénero nas estatísticas ata a consideración das estatísticas de xénero ou sobre a muller; e segundo, como explica Corner (2005), ata a incorporación propiamente dita da perspectiva de xénero nelas.

Previamente, a conceptualización do xénero como categoría social xerárquica foi un dos grandes logros da teoría feminista e que, na actualidade, tras un longo treito, goza dun crecente apoio tanto no ámbito académico como no das políticas públicas. Con todo, o uso do termo non é sempre preciso, sendo frecuente a súa utilización como substituto directo de “sexo”.

Convén aclarar –segundo, por exemplo, o *Glosario de términos relativos a la igualdad entre mujeres y hombres*, da Dirección Xeral de Asuntos da Muller da Comisión Europea– que o concepto de sexo, no sentido biolóxico, se corresponde coas “*características biolóxicas que distinguen ao macho da femia*”, que son universais a todas as sociedades; mentres que o concepto xénero ou sexo no sentido sociolóxico é un concepto que fai referencia ás “*diferenzas sociais entre homes e mulleres que foron aprendidas, cambian co tempo e presentan grandes variacións entre culturas e dentro dunha mesma cultura*”. Falamos, polo tanto, dun concepto de carácter relacional, cultural e histórico que permite analizar as relacións de poder entre mulleres e homes (Gamba *et al.*, 2007). Deste xeito, a “perspectiva de xénero” convértese en marco analítico.

No campo das estatísticas públicas, a historia das estatísticas de xénero comeza na *I Conferencia Mundial da Muller*, que tivo lugar en México no ano 1975, cando se reconece por primeira vez a importancia de producir estatísticas sobre as mulleres fronte aos baleiros de información existentes. O importante traballo desenvolvido na materia no seo das Nacións Unidas reflectiríase nas súas sucesivas reunións en Copenhague (1980) e en Nairobi (1985). Mais non será ata a *IV Conferencia Mundial sobre a Muller*, que tivo lugar en Pequín no ano 1995, cando se lle dea o pulo definitivo para pasar da política de realización de “estatísticas de mulleres” á plena incorporación da perspectiva de xénero nas estatísticas oficiais (CEPAL, 2006; Corner, 2005). A Plataforma para a Acción constituída nesta conferencia estableceu como obxectivo estratéxico “*asegurar que as estatísticas referidas a individuos se recollan, procesen, analicen e presenten desagregadas por sexo e idade á vez que reflectan os problemas, asuntos e materias relacionadas coas mulleres e cos homes na sociedade*”¹.

¹ A Organización das Nacións Unidas (ONU) foi o actor impulsor principal na incorporación da perspectiva de xénero nas estatísticas, mais cómpre destacar tamén o papel desenvolvido en cadanseu terreo por organizacións como o Fondo de Desenvolvemento das Nacións Unidas para a Muller (UNIFEM), a Organización Internacional do Traballo (OIT), a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), a Comisión Económica para América Latina e o Caribe (CEPAL) ou a Comisión Económica das Nacións Unidas para Europa (UNECE), entre outras (Instituto de la Mujer, 2009). Nótese que na súa maioría tamén son organismos que se estruturan baixo o paraguas da ONU.

Este novo avance na incorporación da perspectiva de xénero fora encabezado previamente pola Oficina de Estatística sueca, que foi pioneira ao establecer por lei desde o ano 1994 a obriga de desagregar por sexo as estatísticas referidas a individuos (Statistics Sweden, 2008; Pazos, 2006b; Hedman, Perucci e Sundström, 1996) e que foi a encargada de preparar os traballos previos á conferencia de Pequín.

Por iso, o importante labor desenvolvido no eido internacional cara á integración da perspectiva de xénero non pode ser comprendido sen ollar o papel previo que ten a estatística oficial na confirmación da presenza de desigualdades de xénero. Isto é, precisouse da produción de datos previa para a comprobación das carencias. Aínda que é obvio, non está de máis recoñecer aquí o labor desempeñado polas oficinas estatísticas internacionais² e nacionais.

No caso de España, xa se viñan proporcionando datos sociodemográficos desagregados por sexo, que permitían facer visibles as desigualdades de xénero nun contexto de fortes desigualdades formais. Queremos destacar con isto que a propia introdución da categoría “sexo” nas estatísticas foi revolucionaria por si mesma.

Porén, a pedra angular do cambio cara á perspectiva de xénero foi, en suma, o compromiso político por integrar nas políticas públicas a idea de transversalidade desta perspectiva (subsumida na noción de *mainstreaming*, sen termo equivalente no galego), que esixe da incorporación sistemática das cuestións de xénero en todas as institucións gobernamentais e políticas públicas. Adoitar este principio ten consecuencias claras para o campo das estatísticas: a necesidade de contar con maior e mellor información sobre os feitos que presentan desigualdades de xénero e, en segundo lugar, o propio principio supón reformular o marco conceptual e metodolóxico da produción estatística existente (Instituto de la Mujer, 2009).

A este respecto existe xa un considerable consenso entre cales son os principios fundamentais para a integración da perspectiva de xénero na produción de estatísticas (Hedman, Perucci e Sundström, 1996; Corner, 2005; Pazos, 2006a, 2006b; Instituto de la Mujer, 2007, 2009; CEPAL, 2006). Resumidamente, estes principios son:

- 1) Toda a información estatística que estea referida a persoas debe ser recollida por sexo.
- 2) Todas as variables deben ser analizadas e presentadas desagregadas por sexo, sendo esta unha variable de clasificación primaria e transversal; é dicir, que toda a información que se produza se ofrezca para homes e mulleres cruzada con outras variables sociodemográficas.
- 3) Realización de esforzos específicos para identificar os temas relevantes nesta materia entre os usuarios e produtores de estatísticas, e asegurar a recollida e di-

² Como claro exemplo do que comentamos, menciónase a publicación do documento compilatorio *The World's Women: Trends and Statistics* nos anos 1991 e 1995, elaborado pola División de Estatística das Nacións Unidas como estudo previo á Conferencia de Pequín.

fusión destes datos. Este traballo require da inclusión de novas preguntas, problemáticas e asuntos de xénero nas operacións estatísticas, así como da revisión de conceptos, metodoloxías e clasificacións.

- 4) Desenvolvemento de indicadores de xénero que permitan monitorizar as situacións de desigualdade entre homes e mulleres³.

A posta en marcha da perspectiva de xénero nun sistema estatístico supón un proceso de tipo evolutivo, gradual, que vai desde a desagregación á transversalidade, que aínda permanece inconcluso e no que os produtores de estatísticas son actores clave. E trátase este dun proceso fundamental, xa que supón dotar de visibilidade, co propio feito da medición e da difusión, das realidades de desigualdade que se producen entre as mulleres e os homes. Resulta suxectivo pensar que neste camiño tivo moito que dicir o incremento progresivo da presenza de mulleres na profesión estatística, fundamentalmente nos cadros medios das oficinas oficiais e máis recentemente en cargos directivos –con destacables exemplos como os de Pilar Martín-Gúzman ou de Carmen Alcaide na presidencia do INE–.

Centrándose, precisamente, no eido nacional e autonómico, producíronse interesantes avances lexislativos a este respecto nos últimos anos. En España, o fito fundamental para a integración da perspectiva de xénero nas estatísticas oficiais prodúcese coa aprobación da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE de 23/03/07), concretamente no seu artigo 20 que desenvolve as lexislacións sobre adecuación das estatísticas e dos estudos. No contexto galego, a Lei galega para a igualdade de mulleres e homes⁴ di na súa disposición adicional primeira: “*Coa finalidade de facilitar a aplicación do principio de transversalidade establecido nos artigos 6 a 8 desta lei, a totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregarán os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares*”.

Este precepto lexislativo desenvolverase por primeira vez a través do vixente *Plan Galego de Estatística (PGE) 2007-2011*. Na lei do Plan reflíctese de forma explícita a necesidade de incluír a perspectiva de xénero nas estatísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG). No artigo 7.1 do PGE, que delimita os obxectivos informativos, dise que as estatísticas da CAG deben “*avanzar ata a consideración de xénero como unha parte integrante da actividade estatística. Neste sentido, as operacións nas que se contemplan datos sobre persoas deberán de recoller-*

³ Aínda que o desenvolvemento de indicadores de xénero non supón un principio que explique a perspectiva de xénero en sentido estrito, quíxose incluír aquí dado o importante traballo desenvolvido sobre o tema, tanto a nivel nacional coma internacional, de xeito paralelo á preocupación pola perspectiva de xénero. Para una revisión do asunto véxanse, por exemplo, Beck (1999), CEPAL (2006), CIDA (1997a, 1997b), Instituto de la Mujer (2007), Instituto Andaluz de la Mujer (2004), Milosavljevic (2007) ou Plantenga *et al.* (2009).

⁴ Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG, núm. 149, de 3 de agosto de 2004).

*se e difundirse por sexo*⁵. Este obxectivo pódese descompoñer en dúas prescricións para as estatísticas da CAG:

- 1) Unha disposición de obrigado cumprimento: a recollida de información e a difusión por sexo nas estatísticas que fan referencia a persoas físicas.
- 2) Unha recomendación de incluír a perspectiva de xénero na actividade estatística.

Este traballo inscríbese dentro do esforzo da propia realidade técnica galega por incorporar a perspectiva de xénero na produción estatística de Galicia. Concretamente, este artigo recolle o estudo realizado para avaliar, a través de indicadores de seguimento, o grao de aplicación no sistema estatístico de Galicia dos obxectivos informativos xenéricos e específicos (metas de información) do Plan. A novidade desta formulación reside, precisamente, na conciencia da necesidade de incorporar a perspectiva de xénero como un dos eixos da planificación estratéxica da actividade estatística.

Dando conta da estrutura deste artigo, para comprender a avaliación da perspectiva de xénero a través da planificación, será necesario facer, en primeiro lugar, un repaso pola estrutura e polas ferramentas clave da planificación estatística da CAG: o PGE, o Programa Estatístico Anual (PEA) e a distinción entre operacións e actividades estatísticas. Seguidamente, presentaranse cales son as estatísticas de xénero que se están a desenvolver na actualidade na Comunidade galega. En terceiro lugar, abordarase o tema do seguimento da planificación por indicadores. A continuación, presentarase un primeiro estudo aproximativo da avaliación da perspectiva de xénero nas estatísticas galegas. Finalmente, recapitularase sobre todo o comentado e achegaranse reflexións que parecen necesarias sobre o problema de estudo.

2. PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE ESTADÍSTICA EN GALICIA

2.1. O PLAN GALEGO DE ESTADÍSTICA E OS PROGRAMAS ESTADÍSTICOS ANUAIS

O PGE configúrase como o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da CAG. O plan actual ten un período de vixencia de cinco anos: desde o ano 2007 ata o 2011, ambos inclusive.

O seu obxectivo central é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns en xeral, axeitándose aos criterios de economía e de aprovei-

⁵ Lei 16/2006, de 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011 (*DOG*, núm. 6, de 9 de xaneiro de 2007).

tamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

Este obxectivo central busca unha mellora da información estatística dispoñible, atendendo ao seu custo e tendo en conta o ambiente no que se desenvolve –o Sistema Estatístico Nacional dentro do sistema estatístico europeo e mais o respecto aos cidadáns e ás empresas–, e plásmase en:

- Obxectivos informativos, que recollen os temas que deben abordar as estatísticas para responder ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns. Unha gran parte destes obxectivos concréntanse en metas de información (anexo I do Plan) e determinan o contido das actividades.
- Obxectivos organizativos, que se dirixen a conseguir un uso máis racional dos recursos e da información dispoñible.
- Obxectivos instrumentais, que se dirixen a asegurar a calidade do sistema estatístico e a súa conexión cos usuarios.

Por conseguinte, o deseño da planificación estatística esixe analizar a contribución das perspectivas do sistema estatístico á formulación e á implantación da estratexia na política dunha importante ferramenta de planificación estratéxica que se desenvolve mediante os PEA, que incorporan unha relación das actividades estatísticas dirixidas a acadar as metas de información. Estes, como todo programa anual, teñen evidentemente un marcado compoñente táctico, mais tamén forman parte da planificación estratéxica ao decidirse neles que actividades estatísticas se programan, dado que non hai unha relación de actividades no Plan.

2.2. OPERACIÓNS E OUTRAS ACTIVIDADES ESTADÍSTICAS

En xeral, os plans estatísticos anteriores estaban cheos de actividades que eran unha simple recompilación ou difusión de operacións recollidas no Plan Estadístico Nacional (PEN) ou no Inventario de operacións estatísticas da Administración Xeral do Estado (AXE), e incluso de actividades que, dada a súa natureza, non se poden considerar “estadísticas” propiamente ditas. Co actual PGE tórnase fundamental o principio de complementariedade co PEN, e para iso introdúcese unha nova distinción entre “actividades estatísticas” (AE) e “operacións estatísticas” (OE). Aínda que, como é obvio, todas son actividades estatísticas en sentido estrito, preténdese darlles singularidade a algunhas delas (as OE), porque a CAG achega valor engadido e non se limita só á difusión, por iso esíxeselle un proxecto técnico (PT).

Máis profusamente, unha operación estatística é aquela actividade ou conxunto de actividades estatísticas nas que algunha das Administracións Públicas galegas

participa cando menos nunha fase da súa elaboración, a maiores da de difusión. Deberá, ademais, estar clasificada dentro dalgún dos seguintes puntos:

- a) Censos.
- b) Enquisas por mostraxe.
- c) Toma directa de datos.
- d) Explotacións estatísticas de directorios ou de rexistros administrativos.
- e) De síntese: sistema de indicadores, números índices, contas económicas e proxeccións.

Pódese falar, polo tanto, de dous grandes tipos de operacións: aquelas de investigación que achegan información nova, xa sexa obtida por enquisa, censo, toma de datos, etc., e outras de síntese, onde a novidade é o procedemento aplicado aos datos para resumilos ou sintetizalos, ofrecendo pois resultados estatísticos diferentes (non necesariamente novos) a partir de información elaborada doutras operacións ou actividades (é o caso das proxeccións, das contas económicas, dos indicadores, etc.).

Por último, os programas anuais que incorporarán unha relación de operacións estatísticas dirixidas a acadar as metas de información, así como o seu estado, tamén incluírán outras actividades estatísticas vinculadas aos obxectivos do Plan.

Nótese, por exemplo, que moitas veces non será necesario realizar e/ou difundir actividades que xa se realizan a nivel estatal –coma o caso dos datos sobre violencia de xénero⁶–. Por outra parte, o propio carácter das OE dota de capacidade de actuación á hora de poñer en práctica os principios comentados para a integración da perspectiva de xénero nas estatísticas da CAG.

3. A ESTRUCTURA TEMÁTICA DO PGE E AS ESTATÍSTICAS DE XÉNERO

Así pois, as metas de información establecidas no PGE consideraranse acadadas ao incluír nos diferentes programas as operacións estatísticas dirixidas, precisamente, a facilitar información dese tema.


As metas de información agrúpanse en catro grandes áreas:

- Área 1: Territorio, recursos naturais e medio ambiente.
- Área 2: Poboación e condicións sociais.
- Área 3: Estrutura produtiva.
- Área 4: Sociedade da información, ciencia e tecnoloxía.

⁶ A CAG produce datos de prestacións e axudas, mentres que a AXE sobre agresións e defuncións.

Cada área, á súa vez, vai dividida en seccións, e en cada sección sitúanse as diferentes metas de información, que son as parcelas concretas para estudar en cada operación ou actividade estatística, tal e como se pode ver na figura 1.

Figura 1.- Áreas, seccións e metas de información do PGE 2007-2011



Consideraremos neste artigo como estatísticas de xénero aquelas operacións que teñen como obxectivo ou ben estudar a igualdade/desigualdade entre xéneros ou ben estudar unha dimensión ou aspecto concreto da realidade que teña unha gran relevancia para facer os estudos de xénero, porque se considera que nestes aspectos se atopan máis desfavorecidas as mulleres, como pode ser a conciliación familiar e laboral, o traballo doméstico ou a violencia de xénero.

Concretamente, no PGE as estatísticas de xénero integraríanse na segunda das áreas, onde temos sete seccións temáticas, e entre elas a sección 5: *Benestar, emprego do tempo e participación social*, que ten como obxectivo avanzar no estudo da calidade de vida, da igualdade, da violencia de xénero e da cohesión social. Nesta sección, e relacionadas coa igualdade e coa violencia de xénero, temos as metas 2.5.2. *Vida familiar e a súa conciliación co traballo, emprego do tempo e mobilidade*; 2.5.4. *Xustiza, seguridade e participación cidadá*; e a 2.2.5. *Indicadores sociais*.

Entón, para cumprir co obxectivo específico de estudar a igualdade e a violencia de xénero programouse a actividade AE408 *A realidade da muller galega* e as operacións estatísticas 25404 *Estatística de violencia de xénero* e 25502 *Indicadores de xénero*, apuntando, precisamente, ás metas nomeadas.

♦ *AE408 A realidade da muller galega*. A primeira publicación realizouna o Servizo Galego de Igualdade, á marxe do plan anterior, e con datos do ano 2005. Nesta publicación recollíanse as principais cifras estatísticas referidas ao mercado laboral e á participación na política para homes e mulleres⁷. No marco deste PGE, inclúese por primeira vez no PEA do 2008 como actividade estatística responsabilidade do Servizo Galego de Igualdade (SGI), mais a partir do PEA 2009 convértese nunha actividade que realizan en colaboración o SGI⁸ e o IGE.

O obxectivo desta actividade é representar a realidade das mulleres galegas con base en varias variables e comparar a súa situación coa dos homes, primándose a exhaustividade e a información numérica. Na actualidade, na páxina web do IGE difúndense unha serie de táboas onde se recollen as principais cifras e resultados, diferenciados por sexo, referidos a varios eidos (mundo laboral, sistema educativo...).

♦ *25502 Indicadores de xénero*. A meta 2.2.5. *Indicadores sociais* pretende englobar aquelas OE desenvolvidas para estudar aqueles aspectos como a igualdade, o benestar, a calidade de vida, etc., para o que é preciso estruturar e resumir as diferentes dimensións nas que, precisamente, se divide o fenómeno que cómpre representar. A realidade da muller galega facilita información xeral para coñecer a situación actual en diferentes ámbitos da realidade dos homes e das mulleres, pero para estudar a igualdade sintetizando dalgún xeito a información que subministra a actividade anterior estableceuse a OE de indicadores de xénero, na que debería primar a pertinencia e a metainformación.

Esta operación introdúcese no primeiro dos programas como unha operación en proxecto, e no ano 2008 pasa a implantarse (chegando incluso a difundirse na web

⁷ Este organismo xa fixera no ano 1996 *A muller galega no mercado de traballo. Unha perspectiva de 1985 a 1995*.

⁸ No ano 2010 este organismo intégrase na Secretaría Xeral de Igualdade.

do IGE), pero para o PEA 2009 cambia de organismo responsable para reestruturarse, estando na actualidade neste estado.

◆ *25404 Estatística de violencia de xénero.* Esta estatística prográmase por primeira vez no programa do ano 2007, en proxecto, e dada a súa rápida execución pasa a ir en curso xa no programa do ano 2008 co obxectivo de difundir información estatística sobre as prestacións e demais axudas dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Está elaborada polo SGI, que difunde os resultados na súa páxina web.

◆ *24104 Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a conciliación da vida persoal e laboral.* Introduciuse por primeira vez no PEA do ano 2010 e estase a elaborar en colaboración co Instituto Nacional de Estadística.

En conclusión, o PGE non determina unhas metas de información específicas do estilo de igualdade entre xéneros, violencia de xénero ou cargas familiares nas que se enmarcarían aquelas estatísticas de xénero pero, no obxectivo dunha sección temática (a 2.5.), especifícanse a igualdade e a violencia de xénero como aspectos para estudar, o que dá pé á inclusión de operacións como indicadores de xénero ou estatística de violencia de xénero que se asignan a metas máis xerais. Máis adiante analizaremos o cumprimento destes obxectivos concretos a través da execución das operacións e das actividades estatísticas nomeadas.

Convén non esquecer que, aínda que nalgúns casos fóra do ámbito deste Plan, nos últimos anos se realizou un importante esforzo tanto a nivel nacional coma autonómico na achega de información sobre subsistemas onde a perspectiva de xénero devén en fundamental e que, ata o de agora, resultaban opacos para a estatística. Recórdese, por exemplo, a *Encuesta de empleo del tiempo* realizada polo INE para os períodos 2002-2003 e 2009-2010.

Especial mención requiren a nivel galego a *Conta satélite da produción doméstica*, realizada polo IGE para o ano 2003 co obxecto de estimar o valor económico das actividades desenvolvidas nos fogares galegos máis alá das xa estimadas nas contas económicas realizadas baixo a metodoloxía do Sistema Europeo de Contas 1995 (SEC-95), o que permitiu poñer luz sobre o valor do traballo doméstico non remunerado, tradicionalmente vinculado coas mulleres e analizado ata entón de forma pouco xusta polas estatísticas oficiais; e tamén o *Módulo de relacións familiares e sociais* da *Enquisa de Condicións de Vida*, que permitiu investigar a carga que supón para a poboación galega a realización das tarefas do fogar e o coidado non remunerado de nenos e de persoas dependentes.

4. A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO PGE

Como se explicou ao principio, no artigo 7 do PGE recoñécese o principio de transversalidade das cuestións de xénero, o que supón unha novidade que supera as estatísticas de xénero como ferramenta necesaria, mais parcial.

O interesante desta perspectiva, desde un punto de vista técnico, é que non precisa, nos máis dos casos, de novas operacións primarias, senón máis ben de empregar as xa existentes desde unha óptica distinta. Hai que mellorar a presentación e difusión das estatísticas actuais, incluída a metainformación; e tamén a medición, as técnicas e os metadatos asociados. Isto implica un cambio metodolóxico antes que unha recollida *ex novo* de datos.

Un claro exemplo do que estamos a comentar aparece coa necesidade de revisar as categorías analíticas que reproducen marcos conceptuais androcéntricos e dificultan recoller a realidade social polas estatísticas. Especialmente revelador é o caso dos conceptos empregados para estudar o mercado laboral como a categoría de “inactividade”, onde se clasifica o traballo doméstico non remunerado, ou a inexistencia de instrumentos para obter información sobre as importantes diferenzas entre homes e mulleres na súa relación co traballo remunerado. En calquera caso, isto fica fóra da perspectiva de xénero tal e como se definiu no plan actual.

5. SEGUIMIENTO DA PLANIFICACIÓN POR “INDICADORES”

Parafraseando a Pérez-Carballo (2008), a planificación consiste en deseñar o futuro desexado e o xeito de acadalo mediante a formulación da estratexia e, polo tanto, cómpre medir o seu logro de querermos avaliar ese plan. A incerteza xorde pola diferenza entre a información da que se dispón e a que se precisa. A construción e a análise dos indicadores axuda a pechar a fenda entrambas as dúas. Cando se mide unha variable e se comprende de que depende, mingua a incerteza, pero xorde o risco se somos quen de dar unha distribución desa variable.

Chegados ata este punto no que se usou o vocábulo indicador en dous acepcións diferentes, convén precisar a terminoloxía. Para isto, seguindo a Silva (1997), empregaremos o termo dun xeito máis restritivo e introduciremos un novo: o de variable sintética.

Un indicador é unha construción teórica concibida para ser aplicada a un colectivo e producir un número a través do que se procura cuantificar algún concepto ou noción asociada a ese colectivo.

A variable sintética é unha función dun conxunto de variables intermedias, con cadansúa contribución a cuantificar algún trazo do concepto cuxa magnitude quere sintetizarse. Se as variables que a conforman fosen indicadores –magnitudes susceptibles de ser obtidas para agrupacións–, entón a dita variable sintética tamén sería un indicador.

Unha primeira reflexión ante esta definición é que un indicador pode ser moi adecuado para un nivel de agrupación determinado e non ser en absoluto adecuado para outro nivel. Dalgún xeito, a colectividade á que está referido supedita a bondade do indicador. É neste sentido restrinxido no que debemos entender o termo no sintagma indicadores de xénero.

Se retomamos o fío principal, a incerteza xestiónase mediante coñecemento para convertela en risco. A xestión por indicadores e variables sintéticas axuda a acadar o futuro desexado na planificación. Durante moito tempo confiouse no “olfacto” do xestor, pero a intuición, sendo importante, algunhas veces engana.

A xestión de corte científico pode considerarse como unha interacción entre dous compoñentes: a interpretación racional dos resultados obtidos pola experiencia e a intuición. Esta, a partir dunha base de coñecemento, extrapola e innova.

Os indicadores poden desempeñar un rol nesa interpretación porque simplifican e concretan, aínda que o seu emprego se basea nunha hipótese que non sempre se fai explícita de que é mellor unha información con erro que ningunha información. A pesar de seren medidas do pasado, se o sistema ao que se refiren ten inercia, os seus valores inflúen no futuro.

Un atributo claro das variables sintéticas é que priorizan determinadas condutas fronte a outras. Isto pode ser vantaxoso, aínda que tamén pode provocar unha realimentación positiva que leve o sistema ao desequilibrio.

Un número excesivo dificulta o seu estudo e as conclusións que se poidan sacar del, e nalgúns casos pode catalizar o proceso de burocratización da organización. Debe evitarse a redundancia na información que achegan procurando unha sorte de ortogonalidade.

A combinación de variables ou de indicadores é unha cuestión que non é sinxela e que ofrece e ha ofrecer moitas posibilidades; a máis sinxela é tentar darlles unha visión sistémica: finalista e globalista. Isto é, construír un sistema de indicadores que pola súa propia natureza debe ser relativamente breve, propio da típica dicotomía pertinencia/exhaustividade que rexe calquera sistema de información.

Outra cuestión que tratar é a pertinencia de traducir o futuro desexado en albos numéricos concretos por acadar. O emprego de variables sintéticas na planificación permite a súa fixación máis facilmente, o que ten como primeira consecuencia o encadramento do programa nunha forma medible (superando a maldición de Lord Kelvin) e permite realizar o seguimento dunha forma máis obxectiva.

Un problema que xorde é que a súa fixación debería ser transparente e escoitar as opinións dos axente implicados. Outro, que o propio proceso de medida envolto na construción das variables sintéticas pode levar erros ou certas avaliacións subxectivas, o que ha implicar –se son moi abondosos– que a obxectividade só sexa formal.

Todo o anterior pode conducir ou ben ao triunfalismo, se os albos son pouco ambiciosos, ou ben á frustración, se son moi ambiciosos. Como resumo, un albo sen unha traxectoria para atinxilo pode resultar fútil.

5.1. INDICADORES DE SEGUIMENTO DO PEA

O artigo 14 do PGE establece que o IGE realizará un informe de seguimento de cada programa estatístico anual para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística.

Estes informes de seguimento xa se elaboraban no anterior plan, e así empregábanse as variables sintéticas “grao de cumprimento dos obxectivos” (ou grao de execución), que ía referida a cada actividade, e o indicador “grao de execución”, que se obtiña por consellerías (calculando a media aritmética dos graos de cumprimento das actividades da súa responsabilidade).

A configuración do plan en metas de información en lugar de actividades, como se explicaba anteriormente, obriga a dispoñer dun inventario de operacións para recoller de xeito integrado as operacións e as actividades elaboradas ao abeiro do plan. A elaboración dun inventario acelerou o desenvolvemento dunha estrutura informática para almacenar a información das actividades estatísticas que permite o cálculo doado das variables sintéticas.

Por outro lado, a diferenciación que se fai das actividades distinguindo entre operacións e outras actividades, e incluso dentro operacións polo seu estado, fixo que se reflexionase sobre o xeito tanto de recoller como de resumir a información. Así pois, neses últimos programas déuselle unha volta ao xeito de facer o seguimento, establecendo novos protocolos para recoller a información, adaptando o grao de execución que xa tiñamos e establecendo novas variables sintéticas.

Ademais, dado que se considera como suxeito da programación a institución –neste caso, a consellería ou os entes e organismos adscritos a ela– e non persoas concretas (como se interpreta en numerosas ocasións), podemos perfectamente cometer un lixeiro abuso da linguaxe e referirnos a estas variables sintéticas como indicadores.

A metodoloxía seguida na súa construción permite que os indicadores elaborados sexan desagregables. Abonda con dirixirse ás variables que representa cada actividade estatística. Tentan medir todas as accións e os comportamentos relevantes para a consecución do programa, aínda que quizais aquí haxa que facer unha reflexión cara ao futuro, sobre todo nas OE novas (en proxecto, implantación e reestruturación). Os indicadores son coherentes en tanto as AE estean ben programadas.

Para evitarmos a trampa dos albos numéricos, nas OE consolidadas (en curso e en cumprimento) as persoas de contacto reflicten na ficha de programación o que pensan realizar no ano de vixencia do programa. Nela inclúense os resultados que se deben acadar, as accións para levalos a cabo (nunha pregunta de tipo pechado ou semipechado) e, no caso de haber, o calendario da difusión.

Como o seguimento das políticas públicas adoita ser impreciso, tanto pola certa vaguidade do concepto como polo remiso que é o seu persoal a dar respostas precisas sobre este tipo de datos, o que ata certo punto é lóxico desde un punto de vista

sociolóxico, introducíronse cambios na forma de recoller os datos para obter as variables, restrinxindo así esta vaguidade.

O valor que poden tomar os indicadores non é totalmente controlable polas unidades produtoras porque existen influencias externas non sempre previsibles –cambios normativos a nivel da AXE ou europeos, orzamentos restritivos provocados polo ciclo económico, informática e xestión de recursos humanos externa...– que ás veces dificultan que se acade o 100%. Un motivo máis para empregar esta escala.

5.1.1. Grao de execución

No caso das operacións en curso ou en cumprimento establecéronse, para a programación, unha serie de fases xenéricas: preparación, recollida da información, tratamento da información, elaboración de resultados e difusión. Estas fases están referidas sempre a un período de referencia dos resultados, de xeito que se recolle para cada programa, con duración dun ano natural, as fases que lle corresponden facer nese ano de cada edición da estatística (podendo ser o caso que se programe a difusión de resultados dun ano e a preparación, recollida e tratamento doutro ano). Referidas a estas fases, a persoa de contacto da OE establece a porcentaxe que representa cada unha delas no global de traballos que realizar no ano referidos a operación estatística.

Esta programación por fases permite que se obteña o grao de execución nas OE en curso ou en cumprimento a partir das fases realizadas e así, segundo a execución da fase e a porcentaxe que esa fase representa no total de traballos, obtense un grao de execución de cada OE segundo unha combinación convexa. No caso das operacións “novas” en proxecto, en reestruturación ou en implantación, o grao de execución establececese no IGE segundo os traballos realizados entre os que se valoran a entrega de proxectos e a elaboración de resultados. No caso das actividades estatísticas tamén se valora a execución desde o IGE.

O grao de execución das actividades e operacións agréganse no nivel de consellería para elaborar o indicador do mesmo nome, de xeito ponderado segundo o estado (0,8 as en curso e cumprimento e 0,2 as novas), e para obter un grao de execución global, tamén pola súa tipoloxía (0,8 o grao de execución das OE e 0,2 o grao de execución das AE).

5.1.2. Calendario

No caso das operacións en curso e en cumprimento con fase de difusión programada recóllese tamén a forma e os prazos de difusión. En cada operación estatística teremos unha ou varias unidades de calendario que serán cada unha de diferente “operación estatística, ano de referencia dos resultados, soporte”, de xeito que

se se tiña previsto difundir un mesmo ano en dous soportes diferentes, serán dúas unidades as que estean contabilizándose.

Para cada unidade de calendario, asígnase unha “puntuación de cumprimento do calendario”⁹ de 0 a 12 puntos. A nivel de operación calcúlase a variable sintética “indicador de calendario” como a suma de puntuación de cumprimento de calendario de todas as súas unidades dividida entre 12 polo número de unidades, todo isto en tanto por cento.

Para obter no nivel de consellería faise do mesmo xeito: súmanse todas as puntuacións de todas as unidades de calendario e divídense entre 12 polo total de unidades en tanto por cento (é dicir, non se fai a media por operación).

Así pois, a modo de resumo, temos unha serie de variables sintéticas que se calculan no informe de seguimento e que serven para medir o cumprimento das operacións e das actividades estatísticas incluídas nos programas anuais.

En concreto, o cumprimento das “estadísticas de xénero” preséntase na figura 2¹⁰.

Figura 2.- Grao de execución e calendario nos PEA dos anos 2007, 2008 e 2009

Código	Nome	2007	2008	2009
AE408	<i>A realidade da muller galega</i> Grao de execución	Non incluída -	Incluída 100	Incluída 95
25404	<i>Estatística de violencia de xénero</i> Grao de execución Calendario	En proxecto 100 -	En curso 100 100	En curso 100 100
25502	<i>Indicadores de xénero</i> Grao de execución Calendario	En proxecto 70 -	Implantación 100 -	Reestruturación 30 -

5.2. PROPOSTA DE INDICADORES DE AVALIACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NO PGE 2007-2011

Vista a necesidade de dotar de contido o obxectivo de integración da perspectiva de xénero determinado polo PGE, e aproveitando as diferentes ferramentas xa implantadas (fundamentalmente o inventario e os indicadores de seguimento), realizouse durante o ano 2009 un primeiro estudo aproximativo co obxecto de construír indicadores de seguimento sobre esta materia.

⁹ Defínese a “puntuación de cumprimento do calendario” do seguinte xeito:

- Estatísticas mensuais e trimestrais, 1 ou 3 puntos por cada mes ou trimestre que o día de difusión corresponda co día previsto, respectivamente.
- Nas estatísticas semestrais e anuais serán 6 puntos por cada semestre ou 12 puntos no ano, respectivamente, cando o mes de difusión corresponda co mes previsto. Nas anuais, cando se teña un mes de demora a puntuación será de 6, cando se teñan dous meses de atraso será de 3 e terá 0 puntos cando se atrase 3 ou máis meses.

¹⁰ Non se inclúe a 24104 porque non se programou neses anos.

Avaliar é confrontar un conxunto de datos cun referencial: os criterios. Todo proceso de avaliación inclúe dúas fases: a recollida de datos e a emisión dunha cualificación; unha cualificación que non debería depender exclusivamente dos datos achegados por unha persoa que forma parte do órgano ou da institución avaliada e que mesmo podería considerarse ela mesma como o obxecto da avaliación.

Parece interesante presentar como foi o proceso de deseño e reflexión, así como os principais resultados, para construír desde cero un método de avaliación axeitado para cuantificar a implantación da perspectiva de xénero.

5.2.1. O establecemento do marco e a información de base

O establecemento do marco e, en definitiva, das unidades de análise do estudo foi unha primeira tarefa fundamental, xa que de partida se conta cunha información limitada e cun obxecto de estudo complexo. En primeiro lugar, polo tanto, considerouse o obxectivo fundamental do estudo: analizar o grao de cumprimento da premissa de desagregar todas as operacións referidas a persoas físicas. De partida, entón, restrinxímonos ás OE (véxase a definición precisa no epígrafe 2).

Dentro das operacións, seleccionáronse aquelas nas que se trata sobre persoas físicas. Pero este último criterio supón unha complexidade engadida á hora de pensar en traballar con operacións de síntese. Deste xeito, considerouse que sería máis estrito falar de “operacións susceptibles de ser desagregadas por sexo”, xa que esta idea recolle tanto as operacións cuxa unidade estatística son as persoas físicas, como estatísticas de síntese nas que esa desagregación ten sentido polo tema que estuda (caso dos indicadores ou das proxeccións).

Polo que respecta á referencia temporal empregada, incluíronse aquelas operacións pertencentes ao PGE 2007-2011. Concretamente, os datos cos que se traballou están referidos ao último ano no que a operación vai en curso e do que existe previsión de difusión no PEA correspondente¹¹. Seguindo estas premisas, obtivéronse un total de cincuenta operacións susceptibles de ser estudadas.

Pero, como abordar o seu estudo? Para responder esta pregunta foi crucial ter moi presente a información de base dispoñible. Isto é, nun principio contábase cos proxectos técnicos das operacións, nos que se dispoñía de información sobre as unidades de análise, as variables ou o deseño da difusión da operación. A segunda fonte de información foron as fichas do inventario, nas que se resume a información dos PT, incluíndo a evolución de cada operación nos diferentes programas. E finalmente, a información proporcionada pola difusión das operacións en diferentes soportes: papel, electrónica ou vía web. Na práctica, estas foron, precisamente, as

¹¹ Polo tanto, nun segundo paso elimináronse aquelas operacións que foron en proxecto e que se deixan de programar sen chegar a implantarse, e mantivéronse: a) as operacións que foron en curso e que pasan a reestruturación (manteñen a información de cando foron en curso, a non ser que xa en reestruturación teñamos información difundida e poidamos saber como se presenta); b) operacións doutros plans que non se programaron no actual, que teñen unha periodicidade irregular e que van en curso (por exemplo, as operacións asociadas a condicións de vida).

fontes revisadas para a construción dunha base de datos sobre a que realizar o estudo.

5.2.2. Definición dos indicadores e revisión das fontes de información

Seguindo os criterios e as limitacións establecidas no deseño do marco, e tendo en conta a información dispoñible, elaborouse unha listaxe das posibles variables por calcular. Para a súa definición pareceu apropiado realizar unha distinción entre o deseño das operacións e a información realmente difundida nelas. Para iso, analízase a desagregación por sexo mediante dúas vías:

- 1) A “desagregación por sexo técnica”: a existencia e o grao de desagregación segundo sexo no proxecto técnico, isto é, no deseño da operación.
- 2) A “desagregación por sexo efectiva”: a existencia e o grao de desagregación por sexo na difusión da operación.

A partir destas definicións elaboráronse un conxunto de variables sobre as que definir unha lista dos indicadores posibles. Na táboa 1 pódese observar a definición de cada unha das variables.

Táboa 1.- Definición das variables para o seguimento da perspectiva de xénero

VARIABLES	DEFINICIÓN
Número OE susceptibles	Número de operacións susceptibles de ser desagregadas segundo sexo
Número OE con PT	Dentro das anteriores, número de operacións que posúen proxecto (non é preciso que estea rematado)
Número OE desagregación sexo PT	Dentro das anteriores, número de operacións que no proxecto tratan a difusión por sexo
Indicador estrito sexo técnico	Cociente entre o <i>Número OE desagregación sexo PT</i> e o <i>Número OE susceptibles</i> de ser desagregadas, por 100
Indicador débil sexo técnico	Cociente entre o <i>Número OE desagregación sexo no PT</i> e o <i>Número OE con PT</i> , por 100
Media sexo técnico	Sumatorio das porcentaxes de desagregación segundo sexo no deseño, dividido polo número de operacións con proxecto (<i>Número OE con PT</i>)
Número OE con difusión	Dentro das operacións susceptibles, número de operacións que posúen difusión efectiva dos resultados
Número OE desagregación sexo difusión	Dentro das anteriores, número de operacións que nesta presentan algunha variable desagregada segundo sexo
Indicador estrito sexo difusión	Cociente entre o <i>Número OE desagregación sexo difusión</i> e o <i>Número OE susceptibles</i> de ser desagregadas, por 100
Indicador débil sexo difusión	Cociente entre o <i>Número OE desagregación sexo na difusión</i> e o <i>Número OE con difusión efectiva</i> , por 100
Media sexo difusión	Sumatorio das porcentaxes de desagregación segundo sexo na difusión, dividido polo número de operacións con difusión efectiva (<i>Número OE con difusión</i>)

A maiores da recollida de información e do cálculo destes indicadores de seguimento, quíxose complementar o estudo desde unha perspectiva cualitativa, que se considerou necesaria para recoller a riqueza e as diferenzas de matiz que se puidesen atopar á hora de estudar cada operación coma un caso illado. Isto permitiu constatar un fenómeno bastante recorrente entre as estatísticas analizadas, que se refire á limitación de realizar moitas das desagregacións que poderían ter interese por problemas técnicos.

É máis, esta análise cualitativa tamén serviu como mecanismo de validación da información recollida para poder ser cotexada entre os autores. Aínda que este material non foi analizado neste momento, tamén ten por obxecto servir como fonte de información para detectar debilidades e necesidades que poidan ser tratadas cos responsables das estatísticas en pasos sucesivos. É este un labor que a coordinación estatística do IGE vén realizando informalmente desde hai uns anos e que aquí cómpre destacar.

En definitiva, hai que mencionar que toda esta fase de deseño foi un proceso dinámico de continua actualización de definicións e contidos para adaptala á realidade da revisión das fontes. Este proceso de traballo e reflexión permitiu chegar á construción dunha proposta, materializada a través da construción da base de datos, que aínda estará suxeita a cambios, revisións ou ampliacións que permitan mellorar a recollida da realidade que se pretende estudar. De feito, a propia proposta non estará completamente pechada ata o fin do plan en vigor.

5.2.3. Primeiros resultados do estudo

Como se comentou anteriormente, no estudo inclúense un total de cincuenta operacións estatísticas do *Plan galego de estatística 2007-2011*, que cumpren co criterio de ser susceptibles de desagregación segundo o sexo (táboa 2). Como era de esperar, a maioría destas operacións pertencen á área temática de poboación e condicións sociais, fundamentalmente referidas a persoas físicas e que é, ademais, unha área dun grande interese para medir as desigualdades de xénero. Tamén hai operacións estatísticas susceptibles nas áreas 3 e 4 do PGE, aínda que nun número moi inferior.

Táboa 2.- Indicadores de seguimento da perspectiva de xénero segundo as grandes áreas temáticas e totais. Recontos

	2. Poboación e condicións sociais	3. Estrutura produtiva	4. Soc. da información...	Total
Número OE susceptibles	42	5	3	50
Número OE con PT	34	5	3	42
Número OE desagregación sexo no PT	22	2	2	26
Número OE con difusión	38	3	3	44
Número OE desagregación sexo na difusión	32	2	2	36

O número de operacións con proxecto e o número de operacións con difusión son dous recontos importantes, xa que cuantifican as operacións que efectivamente se inclúen no cálculo dos indicadores dentro do grupo das operacións susceptibles. Obsérvase, en primeiro lugar, que é un número inferior ao de operacións realmente incluídas no estudo. Por outra parte, tamén se pode apreciar a existencia dun desaxuste entre o número de proxectos e o número de difusión –ben porque algunhas operacións teñen proxecto técnico e non teñen difusión ou ben porque teñen difusión e non teñen proxecto técnico–.

Considerando directamente a análise da desagregación segundo sexo tanto nos proxectos coma nas difusión (táboa 3), chégase a unha conclusión interesante: a perspectiva de xénero semella estar máis presente á hora da difusión dos resultados do que na elaboración de proxectos.

En calquera caso, nótese que os dous recontos que aquí mencionamos non recollen con precisión a presenza da perspectiva de xénero nas operacións analizadas, xa que só cuantifican a presenza da desagregación segundo sexo na difusión e no proxecto, non a súa transversalidade dentro da operación. Para ir ao detalle, é máis conveniente fixarse nas observacións cualitativas ou nas medidas en termos de porcentaxes que se realizaron neste estudo.

Táboa 3.- Indicadores de seguimento da perspectiva de xénero segundo as grandes áreas temáticas e totais. Indicadores calculados

	2. Poboación e condicións sociais	3. Estrutura produtiva	4. Soc. da información...	Total
Indicador estrito sexo técnico	52	40	67	52
Indicador débil sexo técnico	65	40	67	62
Media sexo técnico	51	30	67	50
Indicador estrito sexo difusión	76	40	67	72
Indicador débil sexo difusión	84	67	67	82
Media sexo difusión	67	42	63	65

En termos absolutos, o 52% das operacións que versan sobre persoas físicas tratan a difusión segundo sexo no seu proxecto técnico. Con todo, esta porcentaxe aumenta cando se trata da difusión efectiva de resultados ata o 72%. En termos netos, considerando como denominador as operacións susceptibles que efectivamente teñen proxecto ou que teñen difusión, as porcentaxes anteriores aumentan, pero manteñen ese desaxuste entre a difusión prevista e a efectiva. A desagregación por sexo efectiva é maior que a teórica, confirmando o comentado na introdución de que nas estatísticas oficiais hai tempo que a información xa se desagrega por sexo.

As porcentaxes asignadas a cada operación, ben respecto da difusión prevista no proxecto ou ben respecto da difusión efectiva, teñen a vantaxe de ser unha forma de afinar máis a análise da inclusión da perspectiva de xénero nas

operacións. Con todo, hai que ter presente que estas porcentaxes teñen a desvantaxe de que, aínda que foron razoadas, dependeron do criterio investigador¹².

Porén, grazas a estas porcentaxes, pódese observar que aínda que a desagregación segundo sexo se introduce na maioría das operacións que o posúen, non se detalla suficientemente este aspecto, xa que a media das porcentaxes asignadas se sitúa en torno ao 50. Hai que dicir que o nivel desta media das valoracións é máis baixo do que cabería esperar, porque cando se produce un estudo en detalle de cada proxecto se observa que realmente non se prevé desagregar neste todas as variables que terían interese desde a perspectiva de xénero. Pero hai que considerar que tamén pode ocorrer que a valoración sexa baixa porque non se detallan suficientemente cales son as táboas que se van difundir –e polo tanto, non se especifica a desagregación segundo sexo–. Por este motivo, este indicador debe de ser interpretado con cautela. Cómpre lembrar que calquera utilidade dos números como evidencia depende do seu proceso de construción.

Polo que respecta á difusión efectiva, que é a que realmente lles chega aos cidadáns, aos xestores públicos e aos académicos, a porcentaxe media de variables desagregadas por sexo é do 65%. Prodúcese, polo tanto, unha porcentaxe media de desagregación efectiva maior que a porcentaxe media de desagregación teórica.

Pero, en definitiva, con este dato pódese dicir que a desagregación da información estatística oficial segundo xénero en Galicia se atopa, en termos efectivos, nun nivel razoable. Ante o desexo de atopar perfectamente integrada a perspectiva de xénero nas estatísticas, esta situación intermedia ofrece un recoñecemento do proceso de cambio producido nos últimos anos e unha confirmación da necesidade de melloras.

Grazas a esta proposta de avaliación permitirase monitorizar as transformacións que se poidan producir nos próximos anos. Con todo, lembremos que a integración da perspectiva de xénero nas estatísticas oficiais require de moitos outros esforzos que superan as posibilidades de medición deste estudo. Pénsese, por exemplo, no uso continuado de categorías pouco axeitadas para medir e facer visibles as situacións de desigualdade que se teñen resaltado na literatura, como as que se refiren ao traballo doméstico non remunerado, aos permisos de maternidade e de paternidade ou ao caso das estatísticas de educación (Pazos, 2006b; Instituto de la Mujer, 2009). Quizais para este propósito sería máis axeitado poñer en marcha o emprego doutras metodoloxías de tipo cualitativo e participativo que, como dicimos, saen dos límites desta proposta, pero cuxa necesidade se fai máis visible grazas á avaliación cuantitativa.

¹² Polo que respecta á difusión prevista no proxecto, a cada operación asignóuselle un valor de entre 0 e 100, onde o 0 representa aquelas operacións que non recollen a difusión por sexo no proxecto e o 100 aquelas onde a perspectiva de xénero se trata de xeito extenso recollendo esta desagregación en todas as variables de interese. De xeito análogo se fixo coa difusión efectiva.

6. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Ao longo deste artigo revisamos o estado da cuestión da perspectiva de xénero no seo da estrutura do sistema estatístico galego. Xa se apuntaron algunhas suxestións en torno ás que parece interesante reflexionar. Porén, queremos aproveitar aquí para darlles forma a algúns debates que quedaron pendentes e que afectan ao propio proceso de integración da perspectiva de xénero nas estatísticas.

O principio 2 da introdución –o sexo como variable primaria transversal– pode ter sentido nunha actividade como a realidade da muller galega, pero arestora xa non o ten nun sistema de indicadores. Cremos que todos os caracteres se deberían analizar co sexo como clasificación primaria e xeral. Isto, sucesivamente, faría posible que a meirande parte das análises e das presentacións foran especificadas por sexo no seguinte plan, pero carece de sentido nos posteriores que todas as variables sexan presentadas desagregadas por sexo.

No longo prazo non se debería pasar do concepto de diferenza ao de desigualdade, no sentido de falta de equidade? Isto é, seguiremos a analizar todas as diferenzas ou centrarémonos fundamentalmente nas que se poidan considerar desigualdades?

Hai moitas razóns para isto último. Desde un punto operativo a colisión, de existiren varias perspectivas, pode traer problemas de segredo ou de erros grandes, pero non só na execución dos PEA, senón tamén no posible seguimento de cada unha delas, o que implicaría un incremento notable do esforzo na xestión.

Desde un punto de vista teórico está a maldición da dimensionalidade. O estudo ten problemas para interpretar información con moitas dimensións e mesmo algunhas técnicas matemáticas que funcionan adecuadamente con poucas dimensións non o fan cando tratan con datos con moitas.

As posibles perspectivas que poden aparecer en breve no marco da planificación estatística galega son, ademais da territorial, como xeneralización da antiga xeográfica, a de idade nas súas diversas formas: mocidade, infancia, vellez... Ou algunhas relacionadas tanto coa perspectiva de xénero como coa da idade, por exemplo, a de persoas dependentes. Mesmo algún ámbito que empezou como unha área de metas de información no presente plan, como a que poderíamos denominar sociedade do coñecemento, posiblemente nun futuro non moi afastado pase a ser unha perspectiva.

A concorrencia de varias perspectivas ha de implicar elección, modulación ou xerarquización se pretendemos manter permanentemente a exhaustividade en todas as presentacións.

Ademais de perseverar na perspectiva de xénero, poderían establecerse metas de información concretas nas que se estuden certos aspectos da realidade que teñan relevancia. Por exemplo, debería formalizarse nunha operación estatística, que podería apuntar á 2.5.4. *Xustiza, seguridade e participación cidadá*, a participación da muller nas institucións políticas autonómicas e locais, ou ben incorporar unha nova meta sobre empoderamento e toma de decisións.

Traballo abondo queda por diante e este non só require dun cambio normativo, senón, como toda a proposta, dun cambio de mentalidade dos técnicos e programadores. Isto implica tanto o convencemento a nivel individual e colectivo da necesidade de combater desde o público as desigualdades –para o que fai falta información– como rachar coa inercia administrativa que retarda os cambios.

Pero cómpre asumir certa prudencia e evitar a redefinición permanente de obxectivos para non tratar con papel mollado. Actualmente, en Galicia contamos cun marco normativo ben definido que apoia a integración da perspectiva de xénero nas estatísticas oficiais. E a diagnose que se realizará ao final do plan permitirá redactar mellor o vindeiro, tanto no relativo á perspectiva de xénero coma no resto de obxectivos de información, inclusive as metas relativas a estatísticas de xénero.

O modo de avaliación que presentamos tamén tenta corrixir ou axustar o funcionamento do sistema co fin de mellorar a propia programación e/ou de detectar lagoas dentro do propio sistema estatístico. Na outra parte, as metodoloxías activas-participativas e a coordinación eficiente son boas ferramentas para dinamizar os implicados.

No caso de chegarmos a unha situación satisfactoria nesta perspectiva, a información estatística debería estar exenta de ambigüidades e na que se tivese acadado un consenso entre os diferentes usuarios que a examinan, ademais de ser actual e puntual e máis dispoñible con facilidade e celeridade.

Como conclusión, aínda que a estatística pública, como en tantas outras cousas, foi pioneira en ter en conta o sexo, cómpre profundar, porque queda labor por facer desde a visión do xénero. No noso caso estase a realizar un esforzo, pero aínda non hai unha perspectiva de xénero satisfactoria abondo.

BIBLIOGRAFÍA

- BECK, T. (1999): *Using Gender- Sensitive Indicators. A Reference Manual for Governments and Other Stakeholders*. Commonwealth Secretariat. (www.thecommonwealth.org)
- CEPAL (2006): *Guía de asistencia técnica para la producción y el uso de indicadores de género*. CEPAL, Unidad de Mujer y Desarrollo.
- CANADIAN INTERNATIONAL DEVELOPMENT AGENCY (1997a): *The Why and How of Gender-Sensitive Indicators: A Project Level Handbook*. CIDA. (www.acdi-cida.gc.ca).
- CANADIAN INTERNATIONAL DEVELOPMENT AGENCY (1997b): *Guide to Gender Sensitive Indicators*. CIDA. (www.acdi-cida.gc.ca).
- COMISIÓN EUROPEA (1998): *100 palabras para la igualdad. Glosario de términos relativos a la igualdad entre hombres y mujeres*. Comisión Europea; Dirección Xeral de Emprego, Relacións Laborais e Asuntos Sociais.
- CORNER, L. (2005): *From Margings to Mainstream. From Gender Statistics to Engendering Statistical Systems*. (Documento de Traballo). UNIFEM.
- GAMBA, S.B. [coord.] (2007): *Diccionario de estudios de género y feminismos*. Biblos.
- HEDMAN, B.; PERUCCI, F.; SUNDSTRÖM, P. (1996): *Engendering Statistics: A Tool for Change*. Statistics Sweden.

- INSTITUTO ANDALUZ DE LA MUJER (2004): *Indicadores de género. Guía práctica*. (Guías de la Unidad de Igualdad de Género, módulo 4). Instituto Andaluz de la Mujer.
- INSTITUTO DE LA MUJER (2007): *Hacia un sistema de indicadores de género en España: un análisis territorial*. (Serie Estudios e Investigaciones). Ministerio de Igualdad, Instituto de la Mujer.
- INSTITUTO DE LA MUJER (2009): *Análisis de la perspectiva de género en algunas estadísticas españolas y propuestas de mejora*. (Serie Observatorio, 16). Ministerio de Igualdad, Instituto de la Mujer.
- MILOSAVLJEVIC, V. (2007): *Estadísticas para la equidad de género. Magnitudes tendencias en América Latina*. (Cuadernos de la CEPAL). Naciones Unidas.
- NACIONES UNIDAS (1996): *Informe de la Cuarta Conferencia Mundial sobre la Mujer*. (A/CONF.177/20/Rev.1).
- PAZOS, M. (2006a): “Estadística y lucha por la igualdad de derechos en al era de la transversalidad”, *Forum de Política Feminista: participación de las asociaciones de mujeres en las políticas de igualdad hoy*. (<http://www.ief.es>).
- PAZOS, M. (2006b): *Una buena estadística pública como medio para reorientar todas las políticas públicas hacia la igualdad*. (<http://www.ief.es/>).
- PÉREZ-CARBALLO VEIGA, J.F. (2008) *Planificación y control de la estrategia*. Escuela de negocios Caixanova.
- PLANTENGA, J.; REMERY, C.; FIGUEIREDO, H.; SMITH, M. (2009): “Towards a European Union Gender Equality Index”, *Journal of European Social Policy*, 19 (1).
- SILVA AYÇAGUER, L.C. (1997): *Cultura estadística e investigación científica en el campo de la salud*. Díaz de Santos
- STATISTICS SWEDEN (2008): *Women and Men in Sweden. Facts and Figures 2008*. Statistics Sweden.